

## **ARTES ESCÉNICAS**

### **OPCIÓN A**

**1. O teatro no século XX. (4 puntos)**

*1. El teatro en el siglo XX. (4 puntos)*

**2. Situar a obra no seu contexto histórico e literario e, despois, explicar os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se adxunta, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. (6 puntos)**

*2. Situar la obra en su contexto histórico y literario y, después, explicar los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (6 puntos)*

(La NODRIZA penetra en La casa.)

CORO.

Epodo. (Sin responsión.)

He oído el gemido de abundantes sollozos. Grita ella penetrantes, tristes sonos, contra su mal marido, traidor a su lecho. Invoca, por sufrir injusticia, a Temis, garante de los juramentos, hija de Zeus, que la trajo a la opuesta costa de Grecia, a través del nocturno mar, hasta el salado cierre del Ponto de difícil travesía.

(MEDEA, acompañada ahora de la NODRIZA, aparece en escena.)

**MEDEA.** Mujeres de Corinto, he salido de casa para evitarme cualquier reproche vuestro. Pues conozco a muchos mortales que aun siendo de su natural orgullosos (a unos por haberlos visto con mis propios ojos, y a otros que son de fuera) se han granjeado por su parsimonia mala fama de indolentes. La justicia, en efecto, no reside en los ojos de los mortales. Uno cualquiera, sin haber sido ultrajado, antes de conocer en profundidad el interior de un hombre, le odia sólo con haberlo visto. Es deber del extranjero avenirse a la ciudad. Y no elogíé nunca al ciudadano que al ser arrogante resulta molesto a sus convecinos por su falta de sensibilidad. En cuanto a mí, este inesperado asunto que me ha caído encima me ha partido el alma. Ida soy, y al haber perdido la alegría de la vida, busco morir, amigas. Pues en quien yo hacía residir todas mis esperanzas, mi esposo, ¡bien lo sabe él!, ha resultado ser el más ruin de los hombres. De todas las cosas, cuantas están vivas y tienen razón, las mujeres somos la más desgraciada criatura. Lo primero, debemos comprarnos un esposo mediante un enorme derroche de dinero, y tomar un dueño de nuestro cuerpo. Y esto es una desgracia aún peor que otra cualquiera. Y la prueba ahora es muy decisiva: tomar uno malo o uno bueno. Pues la separación no trae buena fama a las mujeres, ni resulta posible repudiar al esposo. Y cuando una ha venido a un lugar donde las costumbres y los hábitos le son novedad, adivina tiene que ser (ya que no lo ha aprendido en casa) sobre cómo portarse con el compañero de lecho. Y sí acertamos nosotras en estas tareas, y nuestro marido convive con nosotras sin aplicar por la fuerza el yugo, la vida resulta envidiable. En caso contrario, mejor es morir.

Y un hombre, cuando le supone un fardo convivir con los de casa, se marcha fuera, y acaba con el hastío de su corazón [bien hacia un amigo o a uno de su misma edad dirigiéndose].

Nosotras, en cambio, por fuerza tenemos que mirar a un solo individuo. Dicen que nosotras vivimos una vida sin peligros en casa, mientras ellos combaten con la lanza. Mal calculan. Pues tres veces preferiría estar firme junto a un escudo que parir una sola vez. Pero no se aplica a ti y a mí el mismo argumento; pues tú tienes esta ciudad, la casa de tu padre, el disfrute de la vida y la compañía de los amigos. Por contra, yo estoy sola, en ciudad ajena, ultrajada por un hombre, como botín robada de una tierra bárbara, sin madre, ni hermano, ni parientes para cambiar de fondeadero en esta desgracia. Pues bien, cuanto quisiera obtener de ti es lo siguiente: si encontrara yo alguna vía, algún medio, para hacer pagar a mi marido el castigo por estas ofensas, [y al que le dio su hija, y a la que tomó por esposa], cállalo. Pues una mujer, por lo demás, suele estar llena de miedo, y es mala para contemplar la lucha y las armas. Pero cuando te encuentran ultrajada en lo que a tu lecho concierne, no existe otra mente más asesina.

Fragmento de *Medea*, de Eurípides.

## **ARTES ESCÉNICAS**

### **OPCIÓN B**

**1. Tipoloxía das artes escénicas. (4 puntos)**

*1. Tipología de las artes escénicas. (4 puntos)*

**2. Situar a obra no seu contexto histórico e literario e, despois, explicar os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se adxunta, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. (6 puntos)**

*2. Situar la obra en su contexto histórico y literario y, después, explicar los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (6 puntos)*

### **12**

*Na cadeira de rodas, ano e medio despois, Rosa diríxese ao proscenio e fala co público.*

**ROSA:** Non sei por que me deu por entrar na carpintaría aquel día. Foi unha carpintaría. O local no que ensaian os do teatro. Téñeno cheo de... alí hai de todo. Alegreime tanto cando souben que viñan para aí. É que eu de moza era moi brincalleira e todas esas cousas a min sempre me...! Como pode cambiar unha... Non había festa na que eu non estivese, e onde eu estaba sempre acababa habendo festa. Foi o que máis me gustou de Delio cando o coñecín. Que era divertido, trouleiro, sempre a cantar... Repertorio de taberna e cousas así... *(Comeza a cantaruxar...)* “Solteiriña non te cases...”. Era tan bromista. Tiña sempre unha canción axeitada para cada momento. “... aproveita a boa vida...”. Eu facíalle a segunda voz. “Que eu sei de moitas casadas, meu ben, que choran...” As voltas que dá a vida, non? Despois chegou a nena e... Que ben o había de pasar a nena cos rapaces estes do teatro. Era unha teatreira! Se cadra foi por iso que me atrevín a entrar aquel día no local. Eu viña da compra, uns días antes tivera unha... unha das típicas con Delio... O caso é que oín boureo na carpintaría, entrei e... alí estaban eles con aquela peza tan... Eu para min que non a sabían de memoria, que a improvisaban. Nunca se sabe por que pasan as cousas... pero lembro que aquel día sentín un aquel dentro de min, unha... como unha chamada, non? Si, unha voz que me chamaba... estraña... porque había tempo que non a oía... pero coñecida... porque era miña. *(Pausa.)* Ai, que parvadas digo, non? Boh, non me fagan caso. O asunto é que saín de alí e...

*ROSA levántase da cadeira de rodas. Tíraa de escena dun empurrón e, un ano e medio antes, vai ao patio de luces do edificio e chama a voces a...*

**ROSA:** Guzmán! Guzmán!

*Escuro.*

Fragmento de *A piragua*, de Cándido Pazó.

## **ARTES ESCÉNICAS**

### **OPCIÓN A**

1. O teatro contemporáneo. Características e autores principais. (4 puntos)

1. *El teatro contemporáneo. Características y autores principales. (4 puntos)*

2. Situar a obra no seu contexto histórico e literario e, despois, explicar os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se adxunta, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. (6 puntos)

2. *Situar la obra en su contexto histórico y literario y, después, explicar los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (6 puntos)*

### **5**

*Así que se vai LUCÍA, SUSO achégase ao público para lle facer unha confianza. Entrementres BRANDÁN saca un cigarro e teno na boca sen prender.*

**SUSO:** Agora que se foi... eu voules decir a verdade: a min facer algo sobre este... tema, non me apetece nada. Que queren...? Cada vez que o penso... (*Fai acenos de arrepío.*) Ademais que está tan...

**BRANDÁN:** Manido.

**SUSO:** Efectivamente. Pero é vella teima de Lucía e... Tentámolo un monte de veces, proba por aquí, proba por alá, eu propúxenlle incluso algunha outra fórmula, non sei, máis...

**BRANDÁN:** Distanciada.

**SUSO:** Iso. Inda que potente, eh. Pero nada, non acabamos de pórnos de acordo. Eu dicía de pasar. Pero agora, como tivemos aquí no edificio un...

**BRANDÁN:** Episodio.

**SUSO:** Diante dos fociños. Agarrouse e el e... Quen llo quita da cabeza? E non me apetece nada, porque..., que dis? A min xa o dicir, no teatro, é algo que non me vai. Finalmente todo se converte nun bla-bla-bla, bla-bla-bla, e todos somos moi listos...

*BRANDÁN, que non pode conformarse co simulacro de fumar, saca un chisqueiro, vai prender o cigarro, pero...*

**SUSO:** Eh, eh, eh...

**BRANDÁN:** Hostia, Suso...

**SUSO:** A fumar fóra.

**BRANDÁN:** Tío, que vai un pelete...!

**SUSO:** Este é un centro de traballo.

**BRANDÁN:** Vale, *tranqui*.

**SUSO:** (*Ao público.*) Pois iso, que eu creo na acción. O que conta é o que se fai, non o que se pensa. E moito menos o que se di, que pode ser mentira... Este home, por exemplo, qué sei eu o que lle andaba pola cabeza...

**BRANDÁN:** A Delio?

**SUSO:** A Delio, si.

**BRANDÁN:** Pero non quedamos en que non tiña que ser el.

**SUSO:** Pero inspirémonos nel. E eu non o coñezo de nada. Ti aínda...

**BRANDÁN:** Eu? Falei con el algunha vez, pero coñecelo, coñecelo... A ver, sei que é *segurata*, que lle gusta ler...

**SUSO:** Que lle gusta que?

**BRANDÁN:** Díxome el. Folletos de propaganda, revistas e, cágate, (*Imitando a DELIO.*) o pai de todos os libros!

**SUSO:** A Biblia?

**BRANDÁN:** O pai, non a nai. O dicionario.

**SUSO:** Como?

**BRANDÁN:** Pois come. Como cho digo. Abre o dicionario, ao chou, e veña, palabra por palabra, en orde alfabética... Cada un coas súas *cadaunadas*.

**SUSO:** Hostiá, que idea! Podiamos enchelo todo de dicionarios. Unha morea inmensa de dicionarios ocupando toda a escena, e no medio Delio...

**BRANDÁN:** Ou quen sexa...

**SUSO:** Ou quen sexa, sepultado polo significado das palabras, como quen está perdido na espesura dun bosque porque as árbores non lle permiten ver...

**BRANDÁN:** *Descarao*, tío, así encaixa o de que o tipo é medeiroiro. E é aí onde saca de motoserra e vai abrindo brecha a *motoserrazos*...

**SUSO:** Que pasa? A que vén esa carallada?

**BRANDÁN:** Hostia, se o digo eu é unha carallada, se o dis ti é unha idea xenial, rompedora... Ti a min tómasme por parvo, non?

**SUSO:** Home...

**BRANDÁN:** Poise u de parvo non teño un pelo...

**SUSO:** Non, nin de parvo, nin de listo, ti pelo...

**BRANDÁN:** Xa. Pero por dentro sóbrame materia para inventar unha escena calquera, normal, da vida da xente de todos os días, e non andar aí con... (*peras mentais*). Eu era por botarlle unha man.

**SUSO:** Pois a ve, veña, inventa, inventa... demostra que os calvos son intelixentes.

**BRANDÁN:** O tipo chega de noite, a muller está a esperar por el...

**SUSO:** Vale, o de sempre...

**BRANDÁN:** Pois vén con el, tanto dá. Veñen... do cine, ou de visitar un primo que acaban de operar dunha hernia...

**SUSO:** Por que dunha hernia?

**BRANDÁN:** Porque me dá a min a gana! Ou, que sei eu, veñen dunha xunta de propietarios do edificio e...

## **ARTES ESCÉNICAS**

### **OPCIÓN B**

1. Tipoloxías básicas do espectáculo escénico. Características de cada unha. (4 puntos)

*1. Tipologías básicas del espectáculo escénico. Características de cada una. (4 puntos)*

2. Situar a obra no seu contexto histórico e literario e, despois, explicar os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se adxunta, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. (6 puntos)

*2. Situar la obra en su contexto histórico y literario y, después, explicar los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (6 puntos)*

**MEDEA.** ¡Oh Zeus, y Justicia de Zeus, y luz del Sol! Ahora felizmente seremos victoriosas sobre nuestros enemigos, amigas, y en camino de ello ya estamos. Ahora confío en que mis enemigos paguen su culpa, pues este hombre ha aparecido como puerto acogedor de mis decisiones, en el momento en que exhaustas estábamos. A él ataremos las amarras de popa cuando lleguemos a la ciudad y acrópolis de Palas. Voy a contarte ya todos mis planes. Y tú escucha unas palabras que no tienen nada de agradables. Primero enviaré a Jasón a una de mis criadas con el ruego de que acuda a verme. Y cuando esté en mi presencia le diré amables palabras: que también apruebo su plan, y que todo está bien; su boda real por la que me ha traicionado; que es conveniente y ha sido bien pensado. Le pediré que mis hijos se queden aquí, no porque quiera yo abandonarlos en una tierra enemiga para que sean mis hijos insultados hasta el extremo por sus enemigos, sino para ver el modo de dar muerte con mis engaños a la hija del rey. Pues los voy a enviar con unos regalos en sus manos [que se los lleven a la novia y evitar así el destierro]: un delicado peplo y una corona de oro trabajado. Y cuando haya tomado estos adornos y sobre su cuerpo se los ponga, de mala manera perecerá ella, y cualquiera otro que toque a la joven. Tal es la clase de venenos con que ungraré los regalos. Ahora, sin embargo, abandono este relato. Y me echo a llorar ante la acción que a partir de aquí tengo que llevar a cabo. Voy, en efecto, a dar muerte a mis hijos. Y no hay nadie que me los vaya a arrebatar. Y tras haber hundido toda la casa de Jasón, saldré del país, huyendo de la matanza de mis hijos queridísimos, y cargando con la responsabilidad de la más impía acción. ¡Pues no puedo soportar se objeto de burla por parte de mis enemigos, amigas! ¡Adelante! ¿Qué ventaja tengo en seguir viviendo? No tengo patria, ni casa, ni refugio contra mis desgracias. Me equivoqué aquel día que abandoné la casa de mi padre, fiada en las palabras de un griego, que, con la ayuda de la divinidad, nos pagará su falta. Ni volverá a ver vivos nunca a los hijos que de mí tuvo, ni engendrará un hijo de su nueva esposa, pues preciso es que, malvada, muera malamente por mis venenos. Que nadie me considere insignificante, ni débil, ni indolente, sino de modales muy distintos: dura para mis enemigos, y para mis amigos benévola. Pues la vida de personas de tal clase es la más gloriosa.

**CORIFEEO.** Ya que nos has hecho partícipes de tu plan, y porque quiero serte útil, y colaborar con las leyes de los hombres, te prohíbo ejecutes eso.

**MEDEA.** No es posible que sea de otra manera. Pero es disculpable que hables así, ya que no has sido maltratada como lo he sido yo.

**CORIFEEO.** Pero ¿es que te vas a atrever a matar a los que son fruto de tu vientre, mujer?

**MEDEA.** ¡Sí, pues así mi esposo sufrirá la más cruel mordedura!

**CORIFEEO.** Mas tú pasarías a ser la más desgraciada mujer.

**MEDEA.** ¡Adelante! Superfluas son todas las discusiones de ahora. (Ahora se dirige a la NODRIZA.) ¡Ea! Vete y tráeme a Jasón, pues tú me vas a servir en todas estas misiones de confianza. Y no digas nada de mis planes, si es que estás bien dispuesta hacia tu señora y eres una mujer.

**ABAU**  
**CONVOCATORIA DE XUÑO**  
**Ano 2018**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*  
**ARTES ESCÉNICAS**  
**(Cód. 51)**

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumnado saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Amais terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nas formulacións que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2018.  
Asdo.: Xosé Soengas Pérez  
Director do Grupo de Traballo

**ABAU**  
**CONVOCATORIA DE SETEMBRO**  
**Ano 2018**  
*CRITERIOS DE AVALIACIÓN*  
**ARTES ESCÉNICAS**  
**(Cód. 51)**

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumnado saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Ademais terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nas formulacións que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2018.  
Asdo.: Xosé Soengas Pérez  
Director do Grupo de Traballo